

2025

Relatos para viaxar

polos concellos
da provincia da Coruña

#HoxeEscriboEn



A CORUÑA PROVINCIA

**93 CONCELLOS
DA PROVINCIA
DAN PARA MOITO
ESCRIBIR**



Deputación
DA CORUÑA



Biblioteca e Turismo
www.dacoruna.gal/biblioteca



O fío do tempo

Xosé María López fernández

#HoxeEscriboEn

Monfero

2025

Din que A Cela foise baleirando por dentro aos poucos, moito antes de que marchasen os monxes. Que o frío calou nos seus muros coma unha febre vella, que o pan non levedaba e que as abellas —no canto de volver aos trobos— perdíanse polos camiños, entre a néboa perenne que se instalara no cenobio.

Ceguei por curiosidade, crendo ouvir os ecos de salmos esvaecidos, coma se unha voz antiga me guiase entre a beleza falmaguenta das súas ruínas: a luz mollada da mañá escorregando entre as pólas dos carballos, as teimosas hedras engulindo os arcos, o silencio sepulcral do claustro esmorecido.

Foi no baptisterio, onde reparei nunha lousa esquecida, gravada cunha frase apenas lexible: *Extra mundum, intra Deum*.

Contoumo o vello da Visura, cun aceno de medo na voz. Foi cousa dun monxe, o irmán Aurelio, sabio e sombrío, chegado cos ventos da guerra e sangue alleo cravado nas unllas. Un día baixou do monte cunha fermosa muller espida entre os brazos: mollada coma se acabase de nacer na fonte, de longos cabelos dourados que arrecendían a menta fresca e cun fuso nas mans, do que penduraba un novelo de la sen fin, que se perdía na espesura da fraga.

—Era a moura que xacía encantada na fonte da Cela —dixo o vello—. O coitado de Aurelio, convencido de que o bautismo a libraría da súa pena, tentou tráela ao mundo dos vivos. Mais, cando a auga bendita lle mollou os cabelos, un fume negro envolveu o seu corpo, e da súa espesura xurdiu unha arrepiante serpe que dicía: “A miña condena será tamén a deste lugar. A vida e as xentes, a este mosteiro, xamais volverán.”

Co medo que colleu o irmán Aurelio, botoulle unha túnica por riba á serpe e encerrouna nunha fornela do baptisterio. Chantou unha lousa como tapa, selándoa para sempre, e mandou gravar nela en latín estas verbas: *Fóra do mundo, dentro de Deus*. Dende entón, a noite deixou de acougar. Os monxes esvaecían coma néboa: uns toleaban, outros morrían en extrañas circunstancias, outros enmudecían para sempre.

E así, aos poucos, foise acabando Monfero. A ruína chegou sen ruído. A pedra esfarelouse, o silencio colleu corpo e ninguén volveu mirar atrás.

Non sei que vin aquela tarde no mosteiro. Só lembro as miñas mans retirando a lousa, e un fume negro —espeso, frío— brotando da fornela coma se a pedra respirase de novo.

Logo, a escuridade.

Cando abrín os ollos, seguía alí, no baptisterio. A luz da mañá filtrábase pola fenda do tellado e, a miña man dereita, sostiña un fuso, do que pendía un fío de la dourada que se escoaba polo chan. Cos ollos enturavellados, seguí a estela que cruzaba o adro e se perdía entre as silveiras do camiño vello.

Erguinme sen pensar.

E comecei a camiñar, tirando do fío.